

- 56996 - 55368 (10/PRE-017659)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a xestión do Goberno galgo galego en relación co saneamento e a rexeneración das rías

Santiago de Compostela, 9 de outubro de 2019

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia, do 10 de outubro de 2019, pola que se aproba e se fai pública a relación definitiva de aspirantes admitidos e excluídos ao proceso selectivo para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Mediante Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 convocouse o proceso selectivo e aprobáronse as bases que o rexen para o ingreso por promoción interna nunha praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia.

Transcorridos os prazos de presentación de documentación requirida nas bases da convocatoria, ao abeiro do establecido na base cuarta, e á vista do informe do Servizo de Persoal e Réxime Interior,

RESOLVO:

1º. Aprobar a relación definitiva de aspirantes admitidas/os e excluídas/os, con indicación do seus apelidos e nome, do DNI e das causas de exclusión que procedan, segundo figura no documento anexo.

2º. Ordenar a publicación desta resolución no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, e na páxina web do Parlamento de Galicia.

Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso de reposición perante a Presidencia do Parlamento, no prazo dun mes, ou ben poderá interpoñerse directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, contados ambos os dous desde o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 10 de outubro de 2019

Miguel Angel Santalices Vieira

Presidente



ANEXO

A) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS ADMITIDAS

Nº	APELIDOS	NOME	DNI
1	GARCÍA RODRÍGUEZ	TEODORO	***1406 **
2	LORENZO SANTALUCÍA	MARINA IRENE	***5265 **

B) RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS EXCLUÍDAS E CAUSAS DE EXCLUSIÓN:

Non hai.

4. Informacións e correccións de erros

4.2. Correccións de erros

Corrección de erros na publicación, no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia número 494, do 28 de xuño de 2019, dos acordos do Pleno do 25 de xuño de 2019.

Advertido un erro na devandita publicación, procédese á corrección nos seguintes termos:

Na páxina 164970, na PNP con número de rexistro 50678 (10/PNP-003829), presentada polo G. P. de En Marea, sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do río Lérez, onde di:

«O Parlamento Galego acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito dos lodos procedentes da dragaxe do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»

De dicir:

«O Parlamento de Galicia acorda demandar da Xunta de Galicia a elaboración, conforme a normativa vixente e as directrices existentes a respecto deste tipo de actuacións, dunha proposta alternativa e sustentable para o depósito de materiais procedentes da dragaxe do Lérez, de tal forma que se garanta que estes non afectarán ningunha das rías galegas, nomeadamente a ría de Arousa.»

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019

Xosé Antón Sarmiento Méndez

Letrado oficial maior

